



**PARADORES**

Hoteles & Restaurantes 1928



# V CIRCUÍTO DE CARREIRAS CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2024



Organización  
de las Naciones Unidas  
para la Educación,  
la Ciencia y la Cultura



Patrimonio Mundial  
en España

Alcalá de Henares · Ávila · Baeza · Cáceres · Córdoba · Cuenca  
Ibiza/Eivissa · Mérida · Salamanca · San Cristóbal de La Laguna  
Santiago de Compostela · Segovia · Tarragona · Toledo · Úbeda



## REGULAMENTO

O **Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España** organiza por quinta ocasión, unha nova edición do seu circuíto de carreiras en que conta, outra volta, coa inestimable colaboración de **Viajes El Corte Inglés e Paradores**.

O obxectivo principal do circuíto é dar a coñecer as 15 cidades españolas patrimonio da humanidade (**Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Eivissa/Ibiza, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda**) a través das carreiras populares e, á súa vez, fomentar a actividade física e deportiva, propiciando a ocupación do tempo de lecer nunha das prácticas deportivas máis comúns e fáciles de levar a cabo como é a carreira a pé.

As distancias das probas que forman o **V Circuíto de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade**, oscilarán entre os 10 km e o medio maratón e transcorren total ou parcialmente pola zona patrimonial de cada cidade. Cada unha das 15 carreiras será organizada por empresas, clubs ou concellos, que serán as responsables da súa organización e de levar a cabo todas as actuacións para o seu normal desenvolvemento. As persoas participantes nas probas integrantes deste circuíto, polo mero feito de inscribirse, aceptan este regulamento.

O **V Circuíto de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade** desenvolverase de marzo a decembro de 2024 e constará de 15 probas, das cales será necesario finalizar 4 para optar á clasificación final do circuíto.

PROBA	DATA	DISTANCIA	WEB
Cursa Popular Eivissa Patrimoni de la Humanitat	30 de marzo	10 km	<a href="http://ibizacursapatrimoni.com/">ibizacursapatrimoni.com/</a>
Media Maratón Mérida Patrimonio de la Humanidad	13 de abril	21,095 km	<a href="http://mediamaratonmerida.com/">mediamaratonmerida.com/</a>
XVI Media Maratón ciudad de Segovia	14 de abril	21,095 km	<a href="http://mediamaraton.infosegovia.com/">mediamaraton.infosegovia.com/</a>
Media Maratón Cáceres Patrimonio de la Humanidad	20 de abril	21,095 km	<a href="http://mediamaratoncaceres.es/">mediamaratoncaceres.es/</a>
Carrera Nocturna SantYago 10K	27 de abril	10 km	<a href="http://santiago10k.run/">santiago10k.run/</a>
XII Carrera Cívico Militar San Fernando. Salamanca	12 de maio	10 km	<a href="http://carrerasanfernando.es/">carrerasanfernando.es/</a>
XXXV Carrera Popular Hoz del Huécar. Cuenca	18 de maio	14,750 km	<a href="http://clubatletismocuenca.com">clubatletismocuenca.com</a>
XII Carrera de Fondo ciudad de Baeza	26 de maio	13 km	<a href="http://pmjd.baeza.net/carre-ra-de-fondo/">pmjd.baeza.net/carre-ra-de-fondo/</a>
XL Carrera El Viejo. Úbeda	26 de maio	6,7 km	<a href="http://sportmaniacs.com/">sportmaniacs.com/</a>
Carrera Popular del Cristo, Ciudad Patrimonio. San Cristóbal de La Laguna	7 de setembro	5 y 10 Km	<a href="http://deportelagunero.com/">deportelagunero.com/</a>
Carrera Popular Nocturna. Toledo	19 de outubro	5 y 8,5 Km	<a href="http://lanocturnadetoledo.es/">lanocturnadetoledo.es/</a>
Carrera Patrimonio. Alcalá de Henares.	20 de outubro	10 Km	<a href="http://ajalkala.es/">ajalkala.es/</a>
33ª Mitja Marató + 10km Ciutat de Tarragona	27 de outubro	10 km y 21,095 km	<a href="http://mitjatarragona.cat/es/">mitjatarragona.cat/es/</a>
II 10k y X Media Maratón Ávila Monumental	10 de novembro	10 km y 21,095 km	<a href="http://mmavilamonumental.com/">mmavilamonumental.com/</a>
Media Maratón de Córdoba	24 de novembro	21,095 km	<a href="http://mediamaratoncordoba.com/">mediamaratoncordoba.com/</a>

## INSCRICIÓN

Poderán tomar parte no V Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade todas as persoas que teñan cumpridos 18 anos o mesmo día de comezo da primeira das probas que compoñen o circuito.

Para participar no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade será obrigatoria a inscrición a través do formulario en liña aloxado na páxina web do Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade de España: [www.ciudadespatrimonio.org](http://www.ciudadespatrimonio.org), Só se terán en conta as inscricións co mesmo DNI (8 números e unha letra, **sen a incorporación de puntos nin guións**) e non se considerarán as que carezan de DNI ou cando este sexa erróneo ou incompleto.

A inscrición ao Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade:

- Será gratuíta
- Dá dereito a obter os premios establecidos nestas bases

A inscrición a este circuito non supón a inscrición automática nas diferentes carreiras que compoñen o circuito, senón que cada participante deberá inscribirse directamente en cada unha das 15 probas que compoñen o circuito.

Para participar nas distintas probas que compoñen o Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade cada participante deberase inscribir de forma individual nas que desexe participar de acordo coas condicións e prazos establecidos para iso por cadansúa entidade organizadora.

A inscrición no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade non supón redución nin desconto na cota de inscrición establecida para cada proba pola súa organización

## CATEGORÍAS

Estableceranse dúas categorías:

- **Categoría absoluta masculina**
- **Categoría absoluta feminina**

## SISTEMA DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

A puntuación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas en todas as probas en que participara, a condición de que se acredite finalizar un mínimo de catro carreiras.

Nas probas que contén dúas distancias, a distancia da carreira menor contará a metade que a primeira proba.

En caso de empate final, terase en conta:

- O número de probas finalizadas
- O maior número de mellores postos

BAREMACIÓN	PUNTUACIÓN
Por clasificar entre os 5 primeiros postos	10 puntos
Por clasificar entre o 5 <sup>o</sup> e 10 <sup>o</sup>	9 puntos
Por clasificar entre o 11 <sup>o</sup> e o 20 <sup>o</sup>	8 puntos
Por clasificar entre o 21 <sup>o</sup> e o 50 <sup>o</sup>	7 puntos
Por clasificar entre o 51 <sup>o</sup> e o 100 <sup>o</sup>	6 puntos
Por clasificar entre o 101 <sup>o</sup> e o 200 <sup>o</sup>	5 puntos
Por clasificar entre o 201 <sup>o</sup> e o 500 <sup>o</sup>	4 puntos
Por clasificar entre o 501 <sup>o</sup> e o 1000 <sup>o</sup>	3 puntos
Por encima do posto 1000	0 puntos
Por ter participado en 4 probas	8 puntos extra
Por ter participado en 5 probas	9 puntos extra
Por ter participado en 6 ou máis probas	10 puntos extra

## PREMIOS

### POR CATEGORÍAS

**Primeiro/a clasificado/a :**

- **Premio Paradores:** dúas noites de aloxamento en media pensión nun parador.
- **Premio Viajes El Corte Inglés:** viaxe a Lisboa segundo características que se indican a continuación:

- Billetes de avión ida e volta para dúas persoas en clase turista con saída desde Madrid.
- Unha habitación dobre (para 2 persoas) para 2 noites de hotel en categoría 4\*\*\*\* en réxime de aloxamento e almorzo.
- Traslados en privado para dúas persoas aeroporto/hotel/aeroporto.

**Segundo clasificado/a :**

- **Premio Paradores:** dúas noites de estancia en aloxamento e almorzo nun parador.

**Terceiro clasificado/a :**

- **Premio Paradores:** unha noite de estancia en aloxamento e almorzo nun parador.

**Entrega dos premios:** Por determinar.

## DESCUALIFICACIÓNS

Os motivos de descualificación nas probas que compoñen o Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade, ademais dos incluídos nos regulamentos específicos de cada carreira, serán os seguintes:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado no peito durante todo o percorrido.
- Participar cun dorsal asignado a outra persoa participante.
- Participar cun dorsal non autorizado pola organización.
- Realizar a inscrición erroneamente.
- Non atender as indicacións da organización.
- Non realizar a totalidade do percorrido establecido nalgunha das probas.

A decisión sobre a posible descualificación será adoptada, ben polos servizos médicos, ben pola organización, e será inapelable. En caso de descualificación non se sumarán os puntos obtidos para o circuito.

## RECLAMACIÓNS

Unha vez finalizada cada proba e publicadas as clasificacións, establécese o prazo de cinco días hábiles para efectuar as reclamacións que se consideren oportunas e non se aceptará ningunha que non fose presentada dentro del.

Rematado o prazo de reclamacións, as clasificacións serán definitivas.

As reclamacións deberanse formular ante a organización da proba para que sexa esta quen achegue ao Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade a clasificación definitiva.

As reclamacións e dúbidas serán presentadas ao Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade no correo electrónico: [circuitocarreras@ciudadespatrimonio.org](mailto:circuitocarreras@ciudadespatrimonio.org)

## RESULTADOS

Os resultados provisionais e definitivos, así como calquera información de interese sobre o Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade e sobre as probas que o compoñen, faranse públicos na páxina web:

[www.ciudadespatrimonio.org](http://www.ciudadespatrimonio.org)

## CLÁUSULA FINAL

Todas as persoas participantes, polo feito de participar nunha proba do circuito, aceptan este regulamento e o de cada unha das probas que o forman e, coa súa inscrición, aceptan todos os dereitos e obrigas derivadas. O Grupo de Cidades Patrimonio resérvase o dereito de adaptalo ou modificalo.

Todas as persoas inscritas no circuito ou nalgunha das carreiras que o integran autorizan ás entidades organizadoras para utilizar calquera medio de gravación e ceden todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que se considere oportuna, sen dereito a recibir por iso ningunha compensación económica.

Cada unha das probas que compoñen o circuito estará suxeita aos criterios que en cada caso establezan as entidades que as organizan.



**Viaxa ás  
Cidades  
Patrimonio**

\*\*Condições da viaxe: Destino: Lisboa. Dous billetes de avión ida e volta en clase turista, con saída desde Madrid. Un cuarto dobre para dúas noites de hotel en categoría 4\*\*\*\*, en réxime de aloxamento e almorzo. Traslados en privado aeroporto/hotel/aeroporto.

Premio que se poderá facer efectivo ata o 28 de febreiro de 2025 para viaxar desde o 1 de marzo de 2025 ao 17 de decembro de 2025.

Período blackout / datas excluídas: Semana Santa, Pontes e festivos e meses de verán (do 1 de xuño - 15 de setembro de 2025).

